

## A Nova Narrativa Galega

### 1 Introducción

O fenómeno que coñecemos como **Nova Narrativa Galega** orixinouse nunha época (décadas de 1950-1960) convulsa e dinámica, non só no contexto galego, senón tamén europeo, que produciu grandes cambios nas manifestacións artísticas e marcou a evolución dos anos seguintes.

Europa atopábase en plena posguerra, logo da derrota nazi na Segunda Guerra Mundial. Vívese un momento de polarización entre o bloque de países socialistas do leste, baixo a tutela da antiga URSS, e o conxunto de países capitalistas membros da OTAN, aliados de EUA. As tensións existentes crean un clima de desconfianza e inseguridade: son os anos da chamada Guerra Fría.

Neste contexto consolídanse correntes de pensamento como o **marxismo** e o **existencialismo**. A primeira delas terá o seu referente na análise da realidade iniciada por Marx e que se adoptará como oficial nos países socialistas. O marxismo constata a división da sociedade en clases sociais, das que considera como fundamentais a burguesía e o proletariado. Entre estas dúas clases sociais establécese unha tensión ou loita de clases que constitúe o motor da historia e da que sairá vitorioso o proletariado.

O existencialismo, pola súa parte, céntrase na reflexión sobre a existencia humana. Para os existencialistas, non hai unha finalidade nin sentido para a vida que non sexa a morte, o que conduce á sensación de absurdo existencial. O home é dono da súa existencia, pero esta liberdade é vista como unha condena: está só fronte ás súas decisións e isto provócalle angustia.

O escritor e filósofo **Jean Paul Sartre** será un referente intelectual para a xuventude destes anos. Levará a cabo unha síntese entre marxismo e existencialismo e defenderá a idea dunha *literatura comprometida*. Para el a literatura non se debe limitar a describir a realidade, senón que ten que ser un elemento transformador, debe contribuír a modificar esa realidade. Nace, entón, a figura do escritor que toma partido e se compromete coa loita social.

Na Galicia destas décadas existe unha situación social distinta da europea e marcada pola ditadura franquista. A represión e o medo forman parte da realidade cotiá da época. A situación económica é grave e a poboación sobrevive basicamente mediante unha economía de autoconsumo. A emigración segue a ser a principal saída para boa parte dos galegos. A pesar de todo, nestas décadas prodúcese unha certa apertura do réxime ditatorial español, debido aos acordos con EUA.



O filósofo francés Jean Paul Sartre, partidario da literatura comprometida, foi un dos escritores que máis influíu nos autores da Nova Narrativa.

### 2 Influencias

Nos comezos do século XX prodúcense unha serie de movementos que procuran a renovación das técnicas narrativas tradicionais. Os autores da Nova Narrativa Galega (NNG) incorporan de xeito plenamente consciente este conxunto de técnicas e temas renovadores. Convértense entón nunha xeración literaria que adaptará á literatura galega as correntes máis modernas, algo que non sucedera moi a miúdo na literatura galega.

A NNG asimilará, entre outros, os seguintes procedementos empregados por autores destacados na renovación literaria do século XX:

- O *monólogo interior* ou «fluír da conciencia», empregado con anterioridade por autores como o irlandés **James Joyce** (*Ulysses*, 1922) e o norteamericano **William Faulkner** (*O ruído e a furia*, 1929). Esta técnica procura reflectir o discurso do personaxe tal e como xorde da súa mente, sen orde nin coherencia.
- A descrición, máis ca do personaxe en si, dos seus *estados de ánimo*. **Marcel Proust**, na súa obra *Á procura do tempo perdido* –que comezou a publicar en 1913–, foi o iniciador desta técnica.
- O *clima de irrealidade* ou a confusión entre soño e realidade presente na obra de **Franz Kafka**.
- Confusión temporal e *ruptura da orde cronolóxica lineal* do relato, presente en autores como **Faulkner** e **Joyce**.
- O *obxectalismo* ou descrición pormenorizada dos obxectos en prexuízo da acción. Esta técnica é propia do *Nouveau roman* francés –denominación na que se inspira o noso movemento–, e que engloba a autores como **Marguerite Duras** ou **Claude Simon**. Outro trazo relevante que os nosos escritores toman desta corrente é a *desaparición do personaxe*, que pasa a ser substituído por un personaxe abstracto, sen identidade nin elementos que o individualicen, cheo de defectos, desequilibrado, que, ás veces, non ten nin nome. O personaxe remata convertido nun obxecto máis.

- Gusto pola narración obxectiva, que recolle a realidade ao xeito dunha *filmación cinematográfica*, sen apenas presenza do narrador. O norteamericano **John Dos Passos** usa esta técnica en obras como *Manhattan Transfer* (1925).

### 3 Concepto e delimitación da Nova Narrativa Galega. Etapas

Podemos definir a NNG como un movemento de renovación formal e temática da narrativa en galego, que supuxo o emprego duns xeitos de narrar modernos inspirados nos autores e movementos literarios internacionais máis innovadores do século XX.

Os autores da NNG son case todos mozos da pequena burguesía que comezan os seus estudos universitarios nesa época. Comparten actividades e canles de expresión cos outros narradores e poetas dos anos 50: publican na colección «Illa Nova» da Editorial Galaxia, participan nas Festas Minervais, colaboran en xornais como *La Noche...* Algúns deles tiveron a oportunidade de viaxar por Europa e tomar contacto cunha realidade de liberdade inexistente no seu país. Coñecen e incorporan á nosa cultura as novas correntes de pensamento europeo e participarán na fundación de novas organizacións políticas de ideoloxía marxista, á vez que emprenden a renovación da narrativa galega.

Hai unha certa unanimidade na crítica en considerar como o inicio do período de produción desta escola a publicación en 1954 de *Nasce un árbore*, de Gonzalo Rodríguez Mourullo. A data de peche é máis discutida. Os que defenden unha *concepción restrinxida* do movemento dano por acabado a finais da década de 1960 coa obra *Cambio en tres* (1969) de Carlos Casares. A obra *O camiño de abaixo* (1970) de Xohán Casal entraría aínda nesta corrente, pois estaba lista para a publicación en 1960, aínda que a morte prematura do autor fixo que quedase inédita deica dez anos máis tarde.

Pola contra, unha *concepción ampla* do movemento estendería a publicación de obras da NNG ata 1980, data na que sae á rúa *Cara a Times Square* de Camilo Gonsar. O investigador Manuel Forcadela establece estas etapas:

- **Fase de formación (1954-1964).** Predomina a temática existencialista e o influxo da obra de Kafka. Xa se manifesta o experimentalismo nas técnicas, aínda que existe gran variación temática.
- **Fase de auxe (1964-1968).** A experimentación técnica e formal cobra absoluto protagonismo. Nas obras desta fase é destacable o predominio do obxectalismo.
- **Fase de liquidación (a partir de 1968).** Vaise abandonando a experimentación formal á vez que o existencialismo vai desaparecendo en favor de temas simbólicos ou de alegoría política.

### 4 Características da Nova Narrativa Galega

Aínda que é complexo establecer características que definan a NNG, podemos destacar algúns trazos recorrentes:

- **Emprego de distintas técnicas narrativas**, que favorecen o distanciamento do narrador e a aproximación ao personaxe: monólogo interior, obxectalismo, técnica cinematográfica, técnica epistolar... Desaparece o narrador omnisciente da novela tradicional en beneficio do narrador en primeira persoa.
- **Temática existencialista**, centrada na angustia vital e no absurdo da existencia, que busca producir desacougo no lector.
- Os **personaxes adoitán comportarse como anti-heroes**, levan unha vida atormentada na que son incapaces de tomar a iniciativa.
- **Ruptura do discorrer lineal do tempo.** Desaparece a sucesión lóxica de acontecementos. Hai unha certa intemporalidade nestas obras que dá sensación de estancamento, de tempo detido.
- **Espazos fundamentalmente urbanos.** Fóxese do ruralismo, considerado un tópico da literatura galega anterior. O marco urbano terá límites imprecisos e aparecerá como ameazante, claustrofóbico e deshumanizado.
- **Ambiente onírico**, no que se mestura a realidade e a fantasía e no que os personaxes son movidos por instintos primarios, de aí a frecuente presenza da violencia e do sexo (temas tabú na literatura anterior).
- **Visión pesimista e desesperada da realidade franquista.** Aínda que o movemento foxe nun principio do compromiso ideolóxico, os autores desta escola retratarán nas súas producións unha sociedade opresiva e terrorífica, que leva o individuo á autodestrución ou á loucura.



Retrato de Franz Kafka, autor checo que deixou unha forte pegada no novo xeito de novelar do século XX.

## 5 Principais autores e obras da Nova Narrativa Galega

A maioría destes narradores comezarán escribindo obras paradigmáticas da escola, se ben, nalgún momento, afastarase desta corrente para explorar outros camiños. Nesta unidade resaltaremos as obras pertencentes a esta corrente, pero tamén trataremos as demais producións dos autores para dar conta da unidade do seu labor literario e tamén para destacar a continuidade de técnicas e temas da Nova Narrativa no resto das súas carreiras literarias.

### 5.1 Gonzalo Rodríguez Mourullo

Naceu en Calo (Teo) en 1935, fillo dun mestre republicano. Cursou estudos de Dereito na universidade de Santiago de Compostela, nos que conseguiu o grao de Doutor. Sendo aínda estudante publica os seus dous libros, que inician a NNG. Tamén nesta época (mediados da década de 1950) colabora con asiduidade no xornal *La Noche* e participa na actividade galeguista. Malia a todo, Mourullo afastarase axiña do galeguismo e da literatura galega. Na súa decisión quizais influíran os desacordos políticos e literarios, en concreto con Ramón Piñeiro.


#### Obra narrativa

- *Nasce un árbore* (1954). Contén tres relatos de desigual extensión. «A capela enmeigada» é unha historia narrada a un ritmo rápido e na que se recrea o mito de Dafne, pois a voz narradora é un mozo convertido en árbore. «O reloxo» mestura realidade e fantasía en dúas historias inseridas unha noutra. «Tres homes» céntrase nas peripecias dos protagonistas, que eles mesmos narran para explicar as razóns que os levaron ao cárcere, e que teñen en común o destino nefasto que os fai caer en desgraza.

O ambiente de irrealidade, a pluralidade de voces narrativas, a irrupción do fantástico na realidade cotiá... , fan que se considere esta obra como a primeira pertencente á NNG.

- *Memorias de Tains* (1956). Consta de oito relatos relacionados entre si e escritos en forma epistolar. No primeiro deles («Carta ao lector»), explícase a fundación e destrución da cidade de Tains (espazo fantástico e case alegórico), da que o narrador recuperará un feixe de cartas que constitúen o resto dos relatos.

A fatalidade, o absurdo, o incomprendible están presentes en todas as cartas. Preséntasenos un mundo de pesadelo, angustiado, dominado pola guerra e o medo. O autor xoga constantemente coa confusión entre realidade e ficción literaria.



Gonzalo Rodríguez Mourullo.

Mourullo emprega un peculiar estilo repetitivo, case obsesivo, de frases curtas, que reflicte o mundo interior dos narradores das cartas, personaxes anónimos, torturados, no límite da loucura:

*Camiñei certo tempo así. A semisombra nin medraba nin em-  
pequenece. Era sempre a mesma. A semisombra que ti non  
puxeras, mais que si determinaras. O bruar do río nas pedras  
foi, pouco a pouco, diluíndose, fundíndose co chan de herba  
non vizosa, queimada. O ouvear dos homes da aldea foi,  
pouco a pouco, diluíndose, fundíndose co chan de herba non  
vizosa, queimada. Xa non chamaban por ninguén. ¿Era que  
morreran todos? O regueiro de sangue humana seca foi, pouco  
a pouco, diluíndose, fundíndose co chan de herba non vizosa,  
queimada. ¿Era que xa non quedaba sangue?*

### 5.2 Xosé Luís Méndez Ferrín

Autor clave da literatura galega, fundador do grupo Brais Pinto, da UPG e da revista de pensamento *A Trabe de Ouro*, crítico literario e articulista, Méndez Ferrín será un dos piares da NNG e, en xeral, da prosa galega do século XX. Ademais, como xa estudamos na unidade sete, é unha das voces poéticas máis importantes da nosa lírica e, mesmo, fixo unha incursión de grande éxito no xénero teatral coa obra *Celtas sen filtro* (1983).

#### Características da escrita do autor

A obra literaria de Méndez Ferrín presenta unha grande unidade, tanto nos seus escritos en prosa coma en verso. Todas as súas producións manteñen unhas semellanzas no ton, nos temas e no estilo. A súa obra caracterízase, entre outros, polos seguintes trazos:

- Constante relación entre a realidade e a fantasía. As súas historias convértense a miúdo en fábulas cheas

de simbolismo que se desenvolven nun ambiente angustioso, opresivo e, a miúdo, terrorífico.

- Reconstrución e interpretación dun pasado mítico, que adoita remitir á cultura celta ou ao mundo medieval artúrico. Esta lembranza do pasado adquirirá un ton marcadamente épico, pero será unha épica das nacións derrotadas (Galicia, Bretaña, Occitania...).
- Presenza de distintas formas de violencia, elemento que adoita determinar as relacións humanas. A brutalidade e a represión política tamén se reflicten na súa obra.
- Emprego de topónimos e antropónimos sonoros e evocadores, de aparencia celta, oriental ou nórdica (Ulm Roan, Grieh... ) ou latina (Heloísa, Terra Ancha...).
- Forte intertextualidade con obras doutros autores, tanto galegos coma europeos ou americanos e, especialmente, continuas referencias a situacións e personaxes doutras obras súas.
- Simboloxía persoal poderosa e recorrente: os insectos, as fiestras, os camiños...

### Obra narrativa

- **Percival e outras historias** (1958). Contén catorce relatos que van conformando o persoal mundo literario do autor. Aparece xa o recurso á fantasía e ao misterio que conforma unha atmosfera irreal que en moitas ocasións determina relacións de violencia entre os personaxes:

*O primeiro cantazo rompeu o primeiro vidro. Deixou Saal o revolver e axoenllouse diante de Ok. Este de momento non depuxo a súa actitude. Saal chorou. Ok ergueuno sorrindo e púxoo perante a vidreira. Logo meteulle o vaso de xinebra na man. Non lle deu tempo a bebelo, porque xa coa man aberta zorregoulle Ok unha pancada que o precipitou contra a vidreira.*

O tema existencial propio desta escola está moi presente: reflexiónase sobre a morte, o destino e o absurdo. Tamén é doado apreciar outros motivos que se converterán en constantes na obra do autor, como a presenza dos insectos ou da represión política.

O tratamento do tema artúrico aparece no relato que dá título á obra, aínda que dun xeito innovador, integrándoo con elementos cotiáns propios do presente. En relatos como «O dique de area» xa aparece a épica da derrota e os temas simbólicos próximos á alegoría política que posteriormente desenvolverá na súa escrita.

- **O crepúsculo e as formigas** (1961). Esta obra está composta por un novo grupo de relatos no que hai un menor peso da fantasía e unha maior presenza da violencia. Reflictese a sordidez dos barrios marxinais urbanos, onde habitan personaxes escuros e dese-


quilibrados que se moven nun ambiente opresivo e tenebroso, no que a violencia e a morte forman parte do absurdo da existencia. O elemento misterioso e fantástico fai tamén a súa aparición, por exemplo en relatos como «O Suso» e «O cadro asasinado».

Nos relatos deste libro empréganse diversas técnicas innovadoras, como o monólogo interior, a técnica epistolar e a narración obxectiva ao modo cinematográfico.


- **Arrabaldo do norte** (1964). Trátase dunha novela escrita empregando a técnica obxectalista, moi usada polos autores do «Nouveau Roman». A trama da obra parte dun relato contido no libro anterior –«Dúas cartas a Lou»–, e móstranos un home permanentemente á procura de algo que non sabe o que é, nunha cidade sen identificar. O motivo da busca, xa presente noutros relatos do autor, é o que dá sentido á obra e orixina pequenos sucesos que levarán o protagonista ao fracaso.

Os personaxes que concorren na novela son individuos anónimos, incapaces de comunicarse entre eles. Son tratados e descritos como obxectos que forman parte da cidade pola que deambulan.

- **Retorno a Tagen Ata** (1971). Esta obra inicia un novo ciclo no que Méndez Ferrín deixa atrás os presupostos da Nova Narrativa para centrarse nos temas políticos tratados dun xeito simbólico. O autor crea un país imaxinario, Tagen Ata, que representa simbolicamente a Galicia. O narrador vai explicando, coa axuda de notas a pé de páxina, as características deste, sometido pola veciña Terra Ancha (Castela-España). A trama da novela aséntase na relación de amor e odio entre Ulm Roan, representante da resistencia no interior, e Rotbaf Luden, axente dun grupo de resistencia no exilio.



Xosé Luís Méndez Ferrín.



A obra convértese nunha fábula sobre o nacionalismo galego. Deducimos o enfrontamento entre os vellos galeguistas de Galaxia que, en pleno franquismo, centraron os seus esforzos no labor cultural de resistencia ao réxime, e os novos nacionalistas, máis comprometidos coa acción social e política fronte á ditadura. Detrás dos personaxes e situacións retratados na novela non é difícil distinguir persoeiros e elementos reais relacionados co galeguismo da época:

*Ulm Roan era o herdeiro do maxisterio de C. Roaç, que á súa vez o era do maxisterio de Diugo Nokao. Todos tres foran considerados, cada un no seu tempo, como príncipes da poesía azerrata, restauradores do idioma e definidores da nación oprimida. Todos tres cantaran os misterios da Grande Fraga e mailo outono nas viñas dos vales do Sul, así como diferentes heroes dos séculos XIII a XVIII.*

Estes temas e esta construción simbólico-alegóricas continuarán en moitas das seguintes obras do autor.


- **Elipsis e outras sombras** (1974). Nova colección de relatos que manteñen os temas políticos e simbólicos da obra anterior, centrada esta vez na violencia e na represión do Estado contra os disidentes. Nos relatos aparecen alusións aos «paseos falanxistas», torturas, crimes... con intención de demostrar que os réximes autoritarios precisan destes mecanismos para afirmarse.
- **Antón e os inocentes** (1976). É unha novela longa que volve sobre os motivos do compromiso político e a violencia. O personaxe de Antón engana e traizo a unha parella de mozos nacionalistas e idealistas, o que supón para eles unha brutal entrada na madurez e a perda definitiva da inocencia á que alude o título.
- **Crónica de nós** (1980). Conforman esta obra oito relatos que se centran en distintos momentos da loita política das últimas décadas, como as guerrillas antifranquistas da posguerra e a orixe do nacionalismo de esquerdas nos anos 60. De novo están presentes a violencia e a represión, así como a crítica ao galeguismo culturalista.
- **Amor de Artur** (1982). Neste libro atopamos cinco relatos nos que predomina o tema amoroso, aínda que desenvolvido en relación con algunhas das claves do autor: o mundo artúrico (no conto que dá título ao libro) e o universo simbólico de Tagen Ata.
- **Arnoia, Arnoia** (1987). Obra singular na traxectoria do escritor por tratarse dunha novela de aventuras fantásticas, na que o protagonista é un mozo chamado Nmógadah. Este debe realizar unha accidentada viaxe (que lembra á *Odisea* de Homero) para conseguir regresar á súa casa. Nela debe afrontar unha chea de perigos, axudado por un curioso mentor, o mestre

Lionel. Cando por fin consegue regresar, culmina o seu proceso de maduración nun final sorprendente.

- **Breña, Esmeraldina** (1987). Volve ao universo de Tagen Ata e ao tema da represión política nunha novela epistolar que se centra na vida no cárcere dun revolucionario bretón, que dirixe cartas á súa amada nas que viaxa de xeito imaxinario pola súa terra bretoa na procura das suas orixes.
- **Arraianos** (1991). Esta elaborada colección de relatos presenta a característica común de estaren todos eles ambientados no territorio galego fronteirizo co norte de Portugal (chamado «a raia seca»), de aí o seu título. Este lugar convértese nun espazo máxico e propicio para o misterio e a fantasía presentes en varios contos («Lobosandaus», «Medias azuis»). Noutros relatos, como «Botas de elástico» e «Eles» a historia xira arredor da violencia e a crueldade fascistas.
- **No ventre do silencio** (1999). Crónica da mocidade estudantil na Compostela da década de 1950, época dominada pola ideoloxía do franquismo. Retrátase a iniciación vital, literaria e política dos membros da xeración do autor.

### 5.3 Camilo González Suárez-Llanos (Camilo Gonsar)

Camilo González Suárez-Llanos (Sarria 1931-Vigo 2008) cursou o bacharelato en Vigo e as carreiras de Filosofía e Dereito en Madrid. Dedicado á docencia, residiu en Londres e foi profesor nunha universidade americana a comezos da década de 1960.



Camilo Gonsar.

### Obra narrativa

- *Lonxe de nós e dentro* (1961). É un libro composto por cinco relatos que reflexionan sobre a morte e a condición humana, e destaca a presenza da violencia e o absurdo. En case todos estes relatos está presente a viaxe, a busca por parte do personaxe, que adoita ser un individuo desorientado e confuso. Con respecto á técnica, aparece o narrador omnisciente clásico, aínda que tamén a narración obxectiva, con moito uso do diálogo.
- *Como calquer outro día* (1962). Trátase dunha novela estruturada en seis capítulos (case relatos independentes) nos que Anselmo, un emigrante galego, vive as últimas horas antes de volver a Galicia. A novela carece de historia en si, a acción redúcese aos encontros do protagonista cos amigos que compartiron con el a emigración e os recordos que estes provocan. O que hai realmente é unha acumulación de historias e de personaxes descritos coa técnica obxectalista. Móstranos entón o modo de vida dos mozos da época, marcado por polas inquedanzas intelectuais e culturais, o sexo, a ansia de liberdade, etc.
- *Cara a Times Square* (1980). É a novela que, para algúns críticos, clausura o movemento da NNG. O autor emprega o recurso ao manuscrito atopado, do que el sería só un tradutor. En Nova York, a grande urbe por excelencia, atopamos dous personaxes estranxeiros na cidade, que deambulan de noite cara a un destino misterioso. O clima de irrealidade, a visión do absurdo da existencia humana, os personaxes solitarios e desarraigados... son trazos que permiten a inclusión da novela dentro da escola da NNG.

A obra presenta un carácter alegórico, está aberta ás distintas interpretacións do lector. É posible establecer un simbolismo coa existencia humana, na que o azar e a casualidade serían determinantes do destino das persoas.

- *Desfeita* (1983). Esta obra supón un cambio con respecto á narrativa anterior, comezando polo tema. Nun tempo reducido de 24 horas, o narrador-protagonista investiga un crime cometido nunha vila galega durante os primeiros momentos da Guerra Civil. Vaise revelando o tecido social das vilas galegas. A obra reflexiona sobre a degradación urbanística como mostra da degradación cultural da pequena burguesía dirixente, enriquecida pola especulación.

Trátase dunha novela crítica e satírica, non exenta de certo humor. Chama a atención o uso diglósico da lingua, pois segundo a ideoloxía e a clase social os personaxes falan galego ou castelán.

Despois dun longo silencio, publicará *Cemento e outras escenas* (1995), *Arredor do non* (1995) e *A noite da auro-ra* (2003), xa afastados dos presupostos da NNG.



María Xosé Queizán.

### 5.4 M.<sup>a</sup> Xosé Queizán

Nacida en Vigo en 1939, estivo desde a súa xuventude ligada ao nacionalismo e foi pioneira do movemento feminista galego. Cultiva o ensaio literario e feminista. A primeira obra que publicou encádrase de cheo no movemento da NNG, malia a que posteriormente a súa escrita tomou outro rumbo.

#### Obra narrativa

- *A orelha no buraco* (1965) é unha novela escrita coa técnica obxectalista tomada do *Nouveau Roman* francés. A obra, dividida en tres capítulos, móstranos o deambular dun vagabundo que recrea o seu pasado mediante sucesivos monólogos. Os episodios non seguen unha orde temporal lóxica e a narración posúe unha estrutura circular pois o final enlaza co inicio.

A autora, ademais de describir pormenorizadamente os obxectos (o banco no que se desenvolve parte da obra) e o personaxe como un obxecto máis, procura buscar as causas do comportamento social do protagonista e acaba afondando na súa infancia e na influencia do medio, co cal se afasta parcialmente do enfoque obxectalista total.

A narrativa de M.<sup>a</sup> Xosé Queizán continuará por uns camiños claramente progresistas e feministas.

- *Amantia* (1984) é unha novela que reconstrúe a historia do movemento priscilianista (séc. IV) desde o punto de vista das mulleres que participaron nel.
- *A semellanza* (1988) narra a evolución dun homosexual que se acaba cambiando de sexo e a loita pola súa identidade feminina.
- *O segredo da pedra figueira* (1989) é unha obra de literatura infantil e de protagonista feminina na que se ofrece a visión mítica dunha prehistoria galega na que gobernan as mulleres.
- *Amor de Tango* (1992) é unha novela que fai un percorrido pola historia da cidade de Vigo desde a Guerra Civil ata a década de 1980. A través das vidas das tres mulleres protagonistas, refírense episodios da represión fascista, de amores prohibidos, de loita pola igualdade social...

Outras obras da autora son *O solpor da cupletista* (1995), sobre a Bela Otero, e *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000).


### 5.5 Xohana Torres

Naceu en Santiago de Compostela en 1931. Destaca fundamentalmente como poeta, aínda que a súa única novela merece ser citada como unha obra destacada da NNG. Con todo, algúns estudosos poñen reparos en incluíla nesa escola.

#### Obra narrativa

- *Adiós, María* (1972) é unha novela de iniciación que ten como punto de partida a emigración a Francia dos pais da protagonista. Desde ese momento, e sendo só unha adolescente, Maxa queda ao cargo de si mesma, dos seus avós e dos seus irmáns. Ante esta situación, non lle queda outro remedio que tomar conciencia da dramática realidade e enfrontarse a ela.

Na obra retrátasenos o proletariado da cidade de Vigo na década de 1960, percibíndose o choque entre o mundo urbano e o rural de onde procede a familia da protagonista.



Xohana Torres.

O emprego do monólogo interior e o tratamento do tempo, con abundantes saltos e anacronías, aproximan esta obra aos presupostos formais e técnicos da NNG. O tema, máis próximo ao realismo sociolóxico, é o que a afasta dos presupostos desta corrente.

### 5.6 Carlos Casares

Natural de Ourense, pasou a súa infancia na vila ourensá de Xinzo de Limia e na madurez viviu fundamentalmente en Cangas e Nigrán, vila na que faleceu. Casares (1941-2002) desenvolveu unha importante obra narrativa, con incursións na literatura infantil: *A galiña azul* (1968) e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973).


No xornalismo foron famosas as súas columnas diarias en *La Voz de Galicia*. No ensaio literario destacan os seus estudos da poesía de Curros. Foi ademais biógrafo de *Curros Enríquez* (1980), *Otero Pedrayo* (1981) e *Risco* (1981). Merecen ser destacados tamén os traballos *Conversas con Ánxel Fole* (1984) e *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia* (1991).

Na súa época de estudante de bacharelato coñeceu a Vicente Risco, por quen sempre profesou grande admiración. A comezos da década de 1960 trasladouse a Compostela para cursar estudos de Filoloxía e alí tomou contacto co grupo Galaxia e con Ramón Piñeiro. Este feito marcou a súa traxectoria, pois a figura e ideas de Piñeiro influíron moito nel, ata o punto de que, co tempo, o sucederá como director da editorial Galaxia (1989-2002). Dedicouse tamén á política e chegou a ser parlamentario nos primeiros tempos da autonomía. Foi ademais presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que desempeñaba cando faleceu.

#### Obra narrativa

A súa produción narrativa adoita ser dividida en dúas etapas, das que a primeira se caracteriza precisamente polo experimentalismo e a renovación formal propias da NNG. Na seguinte etapa, considerada «de madurez», abandona a experimentación formal e céntrase nunha escrita máis realista, se ben o elemento fantástico tamén aparece nalgunha das súas obras.

- *Vento ferido* (1967). A súa primeira obra intégrase na NNG, especialmente polo uso que fai das novas técnicas narrativas, como o monólogo interior e o obxectalismo. Son doce contos ambientados, ao contrario doutras obras da escola, nun marco espacial identificable como plenamente galego. Os personaxes, polo xeral vulgares e tomados do cotián, sofren situacións de violencia e sufrimento, debido xeralmente á presión dun ambiente social abafante. Esta violencia, mesmo crueldade, traslá-



Carlos Casares.

dase mesmo aos xogos infantís, como en «O xogo da guerra»:

*Sáimos correndo. Cando chegamos, o Rata estaba bañándose no río. Ao nos ver, saíu. Mirou ao Zalo con cara de atravesado e díxolle: «Ola, ¿queres a bolboreta?»». O Zalo volveuse cara a min como preguntando. A verdade, eu non quería. O Rata asubiou e entre todos botáronse ao Zalo. Espírono e atárono a un amieiro. O Zalo choraba e a min dábanme ganas de chorar. Iso non se lle fai a ningún e menos a traizón.*

En moitos casos esta violencia provén de condicionantes como a bebida, as vellas inimizadas ou a fractura social da Guerra Civil.

- **Cambio en tres** (1969). Esta novela é considerada como o remate da NNG para algúns autores. É a obra máis innovadora de Casares desde o punto de vista formal e unha das máis arriscadas da escola. Tematicamente, en cambio, desenvolve un tema tradicional como é o da emigración. Lisardo, un emigrante ourensán que regresa para asistir ao enterro dun compañeiro morto en Francia, vai lembrando situacións e feitos do falecido, xunto con vivencias persoais.

Apréciase o experimentalismo da obra no emprego do monólogo interior, nas descrições obxectivas e na liberdade da puntuación e da disposición gráfica do texto.

- **Xoguetes pra un tempo prohibido** (1975) é unha novela que supón unha transición entre as dúas etapas

da produción do autor, e na que se comeza a abandonar a experimentación técnica dos libros anteriores. Así e todo, experimentábase coas rupturas temporais e con distintos puntos de vista narrativos, en especial a narración en 2.<sup>a</sup> persoa. De base autobiográfica, a obra relata a traxectoria vital do personaxe protagonista desde a infancia e a adolescencia ata a entrada na universidade na década de 1960. Neste volume retrátase á mocidade da época, que procura unha identidade propia fronte aos modelos reaccionarios e ultracatólicos inspirados polo réxime.

- **Os escuros soños de Clío** (1979) é un conxunto de relatos breves que se afastan do estilo habitual do autor para construír unhas narracións de base pseudo-histórica nas que abundan os elementos fantásticos. Tense sinalado a semellanza destes contos coas historias de Cunqueiro e do arxentino Jorge Luís Borges.
- **Ilustrísima** (1980). Novela ambientada no Ourense dos primeiros anos do século XX, narra a polémica que xera a chegada á cidade do primeiro cinematógrafo. Dáse un enfrontamento entre o espírito tolerante e humanista do bispo, que non ve nada malo na chegada do proxector de cine, e o integrismo e a ignorancia que simboliza o resto da comunidade eclesíastica. É de destacar o carácter totalmente realista e lineal da narración, fóra de calquera experimentalismo.
- **Os mortos daquel verán** (1987). Nesta novela relátanse as circunstancias da morte dun boticario, nos primeiros momentos da sublevación fascista de 1936. Resalta o emprego da linguaxe forense, pois o libro simula ser o conxunto de informes recollidos por un funcionario a partir das declaracións das testemuñas do feito. O que se vai desvelando no transcurso da obra é un fondo enfrontamento social e a loita entre a tolerancia e a intolerancia que constitúe un dos motivos recorrentes do autor.
- **Deus sentado nun sillón azul** (1996). Cántase, desde a perspectiva dunha muller que o observa por unha ventá, a complexa vida dun profesor universitario desde a mocidade á súa xubilación. Moitos críticos cren recoñecer na figura deste profesor a Vicente Risco. Créase o ambiente da posguerra na cidade de Ourense e aparecen personaxes históricos doadamente recoñecibles.
- **O sol do verán** (2002, póstuma). A derradeira novela de Casares é unha historia de amores imposibles. Parte do suicidio dun dos protagonistas para emprender unha volta atrás na narración, procurando reconstruír as razóns que levaron a este personaxe a acabar coa súa vida. Helena, amiga do falecido, recorda con nostalgia os lugares do pasado e o paraíso perdido da infancia, mentres asistimos á progresiva revelación da verdade oculta.